



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

OFERTA PERSOAL ESTATUTARIO 2016 LICENCIADO/A SANITARIO

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (as 2 últimas, da G11 e G12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Sinala a serie de palabras correcta:

- A) Triple, trintadous, dezasete, dobre.
- B) Triple, trintadous, dazasete, dobre.
- C) Triplo, trinta e dous, dezasete, dobre.
- D) Triplo, trinta e dous, dazasete, dobre.

2. Indique cal dos seguintes verbos ten relación co sentido da vista:

- A) Enxergar.
- B) Albiscar.
- C) Esgorxar.
- D) As respostas a) e b) son correctas.

3. Sinale a relación INCORRECTA en galego de singular/plural:

- A) Calor/Calores.
- B) Lapis/Lápises.
- C) Pel/Peles.
- D) Test/Tests.

4. Sinala a serie de palabras correcta:

- A) Xaxuar, prexudicial, calafríos, cirurxía.
- B) Aiunar, perxudicial, escalofríos, ciruxía.
- C) Xaxuar, perxudicial, calafríos, ciruxía.
- D) Aiunar, prexudicial, escalofríos, cirurxía.

5. Sinale a frase correcta en galego:

- A) Tivo que saír da sala porque lle deu a tose.
- B) No cuarto contiguo sentíanse os tusidos do enfermo.
- C) Tose porque ten catarro.
- D) Todas as respostas son correctas.

6. Indique cal é a palabra correcta en galego:

- A) Ciruxián.
- B) Diabetes.
- C) Archivo.
- D) Coste.

7. Todas as palabras destas opcións son do xénero feminino EXCEPTO:

- A) Orde.
- B) Carne.
- C) Leite.
- D) Calor.

8. Sinale o plural INCORRECTO:

- A) Áxil/Áxiles.
- B) Plural/Plurales.
- C) Mil/Miles.
- D) Útil/Útiles.

9. Indique cal é a palabra correcta en galego:

- A) Húmero.
- B) Omoplata.
- C) Deda.
- D) As respostas b) e c) son correctas.

10. Sinale a frase correcta en galego:

- A) A causa do golpe, comezou a sangrar polo nariz.
- B) Comentou que lle prohibirían a sal nas comidas.
- C) Despois do accidente sinto uns dores leves no brazo dereito.
- D) Quedoulle unha sinal na cara.

Preguntas de reserva

1. A frase feita "Falar polos cóbados" significa:

- A) Estar nun grave apuro ou problema.
- B) Estar nas mans de alguén.
- C) Falar moito.
- D) Interesarse seriamente por algo.

2. Indique cal dos seguintes termos NON se refire a unha parte da cabeza:

- A) Tempa.
- B) Coxa.
- C) Queixo.
- D) Beizos.